


# <VILARIÑAS>

CERTAME DE MICROPOESÍA DA CHAIRA



culturalia



culturalia



# VILARIÑAS 2017



# VILARIÑAS GAÑADORAS

1ª VILARIÑA CLASIFICADA

Andrea Araújo Alonso



*Andrea Araújo Alonso. A Guarda*

Teño un pintor instalado nas pupilas  
e unha galería de arte na retina.  
A entrada é libre.  
<VILARIÑA>

2ª VILARIÑA CLASIFICADA



*Pedro Rielo Lamela. Pontevedra*

<VILARIÑA>

Deberíamos axeonllarnos ante o Gran Carballo,  
render tributo silencioso á árbore que fornece a vida,  
sentir o que el sente, desde a raíz ao ceo,  
deberíamos rezarlle ás cobras, ás pintegas, aos sapoconchos.



Toño Núñez Álvarez

*Toño Núñez Álvarez.  
Navia de Suarna*

<VILARIÑA>

Abrín os ollos  
no claro da utopía...  
E non te vin.

## VILARIÑAS FINALISTAS

## O MAR

O mar enche os baleiros profundos que pesan nas almas  
O mar soa nas horas escuras que mudan claras.  
O mar, sempre o mar...soando nas ondas que bican a praia.

*Pociñas Demar.*

## NOITES DE VERÁN

E tralo solpor da noite ven da man do insistente canto dos grilos  
ó fretar as súas ás,  
melancólico abanear de soños, vixía ubicuo e sonoro das noites de verán.

*Susana Villamor Prieto.Moaña.*

## A CAIXA DE MISTOS

Buscamos esa luz repentina case non perceptible nunha ollada de vagar,  
unha luz intensa que nos atrapa manténdonos con indicios de calquera esperanza,  
igual cas avelaiñas no círculo de luz.

*Pedro Rielo Lamela. Pontevedra.*

## SE ME FALTAS

Se me faltas...  
Deteríanse os reloxos e enmudecería a fala,  
Morrerían os sorrisos e nacerían as bágoas.  
Vivir...pra qué? se me faltas.

*Carmen Rivas Blanco.*

## ANOITECE

Ronca o faro entre as brétemas.  
Amence. Silente.  
Salouca o frío nas sabas.  
Ausente.

*Chus Polo.Lugo..*

## QUENTE EVAPORAS

Quente evaporas distancias vermello,  
cálido leio na minha boca uma sânscrita lenda  
enquanto debulha Jack London historias do Pacífico frío.

*Ramiro Vidal Alvarinho. Oleiros*



### AS MIÑAS MANS

As miñas mans abanean papoulas  
Os meus pes pisan piollos e pulgóns,  
destrutores de raíces,  
colonizadores de mundos alleos,  
usurpadores do lugar das flores.

*Isabel Cribeiro. Cedeira.*

### CARBALLO LANZAL

Cara ao ceo ser carballo lanzal  
Andar entre as arbres da Chaira  
Erguerse, ser home en vertical.

*Carlos Neira Suárez. Narón.*

## DEMAIS VILARIÑAS

## ONDAS

As ondas que arrolan con suavidade os soños  
As ondas que acarician a beira dos desexos  
Son as mesmas que marcan con ferro a alma dos mariñeiros.

*Susana Villamor Prieto. Moaña.*

## SE AGORA...

Se agora me tocasen na punta das bágoas  
sei que estouraría un vendaval de soidades.  
Pero ninguén fala nesta conga.  
Non son d'aquí  
veño á festa.

*Kiela Beloff.*

## ALDEA

Aldea  
¿Qué hai en ti, que fai aneboa tan escura?

*Carlos Vega Pérez*

## SINCERIDADE

Eu díxenche mentiras:  
"Non me namoro"  
e acabou sendo verdade.

*Fátima Fernández. Guitiriz.*

## RASTRO DO CARMÍN

Quixen bicarte de vermello  
fuches camiño da pegada,  
de todo o cariño que teño.

*Fátima Fernández. Guitiriz.*

## ES

Es como o temporal  
que te pilla en coiro  
na praza do Obradoiro.

*Jenny Souto Mosquera.*

### NON QUERO ESQUECERTE

Non quero esquecerte,  
e por iso escribo, e te escribo...  
porque a poesía xamais esquece...

*Jenny Souto Mosquera.*

### PEDINCHE

pedinche que me esqueceras,  
que non chorases polas despedidas,  
funestas e cheas de agonía, e...  
a pedra da miña lápida está húmida,  
e eu vago rogando polos teus beizos.

*Natalia Lema Otero. Costa da Morte.*

### MIÑA TERRA

Miña terra dos Vilares,  
nos teus cumes pérdome de anhelo,  
morrendo de saudade e morriña,  
fico calado e quedo.

*Natalia Lema Otero. costa da Morte.*

### PLATONICO

Por um fio, sem asas e só  
meu mundo uma linha na arena  
Com un amor que causa dó  
e, soprado uma paixão que encena

*Jefferson Costa Leite*

### LABIRINTO

A liberdade que desejo  
asas que aínda não tenho  
A dor da guerra que vejo  
da morte sem luta me protejo.

*Jefferson Costa Leite.*

## VIVIR NA ORELA

Vivir na orela  
camiñar os lindes  
transitar a ausencia coma quen transita  
con aleivosía e sutura unha fragmentación.

*Luz Campello García. Guitiriz.*

## O PRACER...

O pracer do noso encontro  
vén de que os dous sabemos da traxedia e do medo  
das resonancias que esgrime o fraqueo  
na traxectoria de nós mesmxxs.

*Luz Campello García. Guitiriz.*

## NO LUAR DOS TEUS OLLOS

Mírome nos teus ollos cansos  
cando a túa ausencia  
fende o silencio da miña alma.

*Manuel Ferreiro. Moaña.*

## UN SÓ DESTINO

A gardarei por ti  
onde morre o sol  
cando fuxas sen présa  
cara a onde nacen as estrelas.

*Manuel Ferreiro. Moaña.*

## ALBOREXAR CHAIREGO

No solpor dos ollos seus,  
atopei un alborexar chairego,  
e fico pendurado na cima dos soños,  
que se tecen coa música  
que lle latexa no corazón.

*Pablo Pastorius.*

### BLUES EN FA MAIOR

Ela é un blues en Fa maior,  
rousando fora do compás,  
para fenderme as cordas todas,  
dende a gorxa até a guitarra.

*Pablo Pastorius.*

### ORBALLA

Orballa na alma de quen vive  
agardando que remate a súa dor.  
A lostregada de vida, a forza do amor.

*Adriana Quijada. Guitiriz.*

### SEMPRE BUSCO..

sempre busco o mar na noite  
para arrincar a última flor da luz e cegarme nela.

*Rocío Blanco Formoso.*

### DESCALZA

Descalza  
cravo os pés na humidade da tarde  
nas raíces salgadas das pedras.  
Alí onde me acolle a danza suicida do vento  
alí emerxo. Ave transparente.

*Rocío Blanco Formoso.*

### O AMOR AGARDA

O amor agarda  
no fondo desa mirada  
coa que te atopas un día  
e recoñeces  
sen mediar palabra.

*Mar Beres Tomé. Guitiriz.*

## ENTRE CULTURA

Entre cultura  
e agricultura  
vou cavando  
a miña sepultura.

*Toño Núñez Álvarez. Navia de Suarna.*

## MÁIS ALÓ...

Máis aló do río de musgo  
ouvean voces de dementes  
entrefebradas de sombras frenopáticas.  
Os valados enterran esperpénticas terapias.  
Pastillas de cores adormentan os soños.

*Isabel Cribeiro. Cedeira.*

## SORRI MOITISIMO

Sorrí moitísimo, ri os chistes das vellas.  
Marca, rouba, falsea a arquitectura de berros,  
populismo, consignas, asembleas e nacións,  
Reivindiquémoslle ó sol que non quente.

*Carlos Lema Salvado. Compostela.*

## PADECEDOR

Padecedor de ducias de enfermidades crónicas  
A desilusión e a culpa.  
E entre elas: a vida.

*Carlos Lema Salvado. Compostela.*

## HIDRA

Que é a vida  
senón  
unha Hidra de soños  
que bean.

*Lero Mue.*

## PÉTELAS

Non ten pétalas  
a fráxil margarida  
de que non queres.

*Clara Vidal*

## BISBAR

Bisbar a experiencia.  
Que ma descifres.

*Clara Vidal.*

## OS CHANZOS...

Os chanzos do paso de peóns  
semellan un gran piano:  
algunhas teclas visten a pureza,  
debaixo delas, espidos,  
agardan abismos grises.

*Jaki Sánchez Quintela. Guitiriz.*

## DEPRESIÓN

Aquela habitación é un universo:  
a súa porta pechada  
un buraco negro  
de infinita forza gravitatoria  
que devora estrelas e días.

*Jaki Sánchez Quintela. Guitiriz.*

## DÁSME...

Dásme a diario a alegría das pequenas cousas,  
un tesouro nun papel ou nunha pedra,  
unha aventura nun paseo improvisado,  
un bico roubado, un sorriso.

*Judiña de Lea. Momán.*

## SORPRÉNDOME...

Sorpréndome imaxinándome acariñando as túas mans;  
ou bicando eses peños que me saúdan pola mañanciña.

*Judiña de Lea. Momán.*



## POZO

Esperto xa comezaba a longa viaxe:  
émese a piloto, antabús a carruaxe.  
Recordos baleiros que amente rastrexo,  
todos ocultos polo encanto da cervexa.

*Borja Montáns Redondo*

## BICO

Bícame con voz moi baixa,  
coma quen bica unha ollada...  
un retrato de lembranzas,  
dunha fonte, unha pinga de auga,  
con eses beizos teus, bicos de xeadá.

*Emilia Martínez Fuentes. Vilalba*

## NAI

Ventre de luz e de brétema,  
suspiros de lúa chea,  
berce de agarimos nai,  
que fica quente na area...

*Emilia Martínez Fuentes. Vilalba*

## NON ME FARÁN CALAR

Non me farán calar porque teño demasiado tempo para matar  
porque o meu sangue aínda porta os laios dos meus antergos,  
porque teño como misión, empurrando polos ventos,  
provocar esta catarse, utilizando os meus beizos.

*Jorge Rodríguez Álvarez*

## TEMPUS FUGIT

Tic-Tac, Tic-Tac.  
Onte un neno, hoxe un rapaz,  
mañá un home xa serás,  
pasadomañá un velliño  
que chega ao fin do camiño Tic.....Tac

*Carmen Rivas Blanco.*

## MATRIUSKAS

Estirpe de mulleres rurais arremuíñanse na mesma morada,  
referentes interxeracionais loitando xuntas pola vida,  
protexéndose unhas ás outras coma bonecas rusas  
"Matriuskas"

*Xelo Teijido. Guitiriz.*

## AS AMORAS

Apartade as follas verdes  
antes de trabar  
porque agochan o lóstrego  
a ruína  
da flor que xa non é

*Javier Rouco Ferreiro*

## VAGABUNDO

hei soñar ocres de retablo vello  
lamber o mel no fracaso das abeleiras  
cando a noite faísque  
chamando por nós

*Javier Rouco Ferreiro*

## NON PODE HABER...

Non pode haber escuridade  
nun corazón latexando felicidade;  
nin tristura na sinceridade  
cando a vida é amizade  
e fai camiño para sorrir realidade.

*Ana Vila Portomeñe. Taboada.*

## APOLOXÍA DA RESISTENCIA

non temos sangue nin padecemos dor  
máis, se podes, a morte nos propinas.  
Liberdade non hai contigo ó redor.  
Maldita ti sexas, penicilina!

*Borja Montáns Redondo.*

### ABOFÉ

Abofé, somos xente de terra,  
curtidos polo frío, dourados polo sol,  
persoas senlleiras que perseguen os seus soños  
entre rúas neboentas cheas de inqedanzas.

*Roberto Losada. Guitiriz.*

### O AMOR PODE MÁIS.

O amor pode máis, ben o sabemos todos,  
que non hai guerra tan cruel que poida coa paixón dos amantes.  
Porque o amor é a única salvación perante a violencia e a vesania  
nesta noite de incertezas.

*Roberto Losada. Guitiriz.*

### A PESETA

as ganas de facer buratos  
nas cousas extintas.

*Arancha R.F.*

### TODO É NOITE

Merquei unha corda de liño vermello  
Chegou o corvo do gris outono  
Perdín a ollada na bravura do mar  
Todo é noite sen lúa nin estrelas...

*Agustín Lorenzo Fidalgo*

### ESCUMA

Pinga de escuma no meu corazón sen sangue  
Teño a alma mergullada na quentura do inverno  
Nacín na tolemia do río esfacheando nas follas  
Todo é noite na outoniza tarde da norte...

*Agustín Lorenzo Fidalgo*

## A POESÍA

Á poesía hai que amarrala  
é ela a que súa as miñas mans,  
é unha lúa na punta do lume que non cesa  
abre o meu peito e rómpeo con palabras sen carga  
e atormenta a carga do reloxo

*Borrasca. Quart de Poblet, Valencia.*

## O VENTO

O vento que me bica e tócame  
estende o teu perfume entre as flores  
e chega xusto alí, xusto ás rocas  
coa clara verdade nesta boca  
e a palabra amor entre esplendores.

*Borrasca. Quart de Poblet, Valencia.*

## MAREA

Esperto do soño mirando a marea que distante vai  
e leva con ela un soño de prata  
que, ao encher de novo,  
con ela ha voltar.

*Charo Valcarcel.*

## AGUANTAR

...Aguantar os temporais da vida  
como aguanta o carballo invernía tras invernía...

*Xelo Teijido. Guitiriz.*

## SOIDADE

Cando o silencio das noites voa perdido, o aroma dos teus beizos espértame  
e, sen quere-lo, abrázome a este soño maldito que deixa os meus brazos baleiros  
nun grito que non ten sentido.  
Soidade, por que son eu o teu elixido?

*Amigo dos soños. Vigo.*

## XEADA

Xeada, nas noites a túa saba branca abate as miñas lembranzas,  
as arelas dos que estamos moi lonxe sen temer os teus alentos e o teu branco tacto.  
es tan doce e suave, fráxil e lixeira que confundes vida e morte se me prostro os teus  
brazos.

Xeada, fada dos soños que morren á alba.

*Amigo dos soños. Vigo.*

## VIOLINO

O violino de outono  
deseña a súa acrobática  
obertura  
na queda da folha  
em grácil morte.

*Ramiro Vidal Alvarinho. Oleiros.*

## ROUPA ULINDO A SOL

Roupa ulindo a sol,  
Primavera prematura.  
Flores nas acacias  
pintadas por ninguén.

*Claudia Castro. Teo.*

## IMAXES E FRONTEIRAS

Eles, atrapados entre fronteiras.  
Nós, impasibles entre imaxes.  
Eles en campos  
de refuxiados.  
Nós, en verdes prados.

*Claudia Castro. Teo.*

## MICRO-MACRO

Micro detalle de macro espazo,  
flor de azafrán no inmenso prado.  
Macro detalle de micro espazo,  
pemento a granel en papel de estraza.  
Semblanzas.

*Antón de Gizán. Lanzós.*

## VARADO

Varado quedei despois da deriva.  
Pousei en ti para o resto da vida.

*Antón de Guizán. Lanzós.*

## NON DIREI

Non direi adeus aos ríos e ás fontes  
Nin ao mar  
Cando remate chegarei dicindo  
Ola, que tal?

*Carlos Neira Suárez. Narón.*

## PENÉLOPE

Penélope  
Fiquei cansa de tecer e desfacer.  
se volves e ves que non me ves,  
que saibas que marchei navegando.  
Vou buscar o meu futuro

*Jaime de Lalín.*

## PUNTADAS DE VERSOS

Bordan nun fío de palabras  
o enxoval dos sentimentos.

*José Vázquez Liste*

## VERSO NÚ

Cóxegas silandeiras,  
fonte de bágoas, bestiario infindo  
tecido de aloumiños e trabadas.

*José Vázquez Liste.*

## I.

Acadulla o vento na Chaira  
unha sucada de esperanza.

*Orlando Aguiar.*

## II.

Aformigan no ser  
os sons do lume aceso.  
E nós a debullarmos soños,  
mentres a chuvia arremuíña  
contra as beiras da memoria.

*Orlando Aguiar.*

## POESÍA

Poesía, poesía é un xesto,  
un soño, a paisaxe.  
Poesía é o canto dos meus antepasados  
o día de inverno que arde e apaga.

*Maica Pastoriza Paz.*

## ÁS

E así, amarradiño ás túas ás  
soño con ser poeta...da vida ou da morte  
Pouco a pouco morro  
no tempo sen poesía.

*Maica Pastoriza Paz.*

## REGOS

Regos na terra,  
regos no corpo,  
regos na alma.  
regos...da vida.

*Manuel C. Santamariña. Vilalba.*

## POÑER DO SOL

Poñer do sol de outono  
un paporroibo máis eu parolamos sen présa,  
para que?  
Butaca de folla para min.  
Tribuna de silva para el.

*Manuel C. Santamariña, Vilalba.*

## COAXIAIS

Recréome no tapiz de sucos que percorre o teu rostro,  
no mostrario de cores das manchas de acuarela das túas mans,  
na temperanza do teu ollar sereno e sabio  
e na puntualidade dos teus pasos acariñando o sobrado,  
esa cadencia...

*José Ramón Sánchez Varela*

## BILLETES DE IDA

De xeonllos sobre o areal da noite  
un pai bica os cabelos do fillo con silencio de mimo.  
Repousa nos seus beizos xa por sempre un amor tallado,  
amortallado.

*José Ramón Sánchez Varela.*

## FALMAGUENTA:::

"Falmaguenta, gorda, fea, tola...  
Envexa que tedes!  
Ninguén vos odia  
coma eu me odio a min"

*Lorena Cives Vilaboa.*

## RESPÍRAME...

"Respírame o embigo por fin,  
febleza do corpo que dorme en continuo.  
Descanso doce de serea en cama de mar,  
ondas sedantes dun corpo inerte.  
Finalmente adormece aquela que choraba coa dor".

*Lorena Cives Vilaboa.*

## PERSOALMENTE

Adoitaba ser a sinxeleza personificada,  
esa mente extravagante que non cambia.  
Adoitaba ser o orgullo máis perfecto,  
cando falaba do verbo sentir...  
E é certo...

*Soraya Rodríguez Sánchez. Betanzos.*



## O QUE SON

Aquí dentro gardo esperanzas,  
palabras ditas, outras xamais pronunciadas.  
Aquí o que son e o que teño.  
Aquí a invitación para coñecer o meu corazón...  
Por dentro...

*Soraya Rodríguez Sanchez. Betanzos.*

## ÁS ORILLAS DO SAR

Ás orillas do Sar ...voa a curuxa  
a Santiago Cheguei

*Carlos Pereira. Compostela.*

## NON TODO É...

Non todo é laranxeira e limoeiro  
flor encarnada dan as camelias.

*Carlos Pereira. Compostela.*

## ROSALÍA

Imaxino escribindo un poema  
Rosalía, plasmando cada día  
deixando as túas pegadas  
de repetitivos paseos  
trasladando os teus últimos pensamentos

*Lu Otero*

## SON MULLER

Son muller e estou aquí  
esixindo a berros  
a parte que me corresponde  
e non vou calar  
nin botar por terra os meus dereitos

*Lu Otero*

## COMO UNHA EDRA

Medrácheme como unha edra  
enroscada polas pernas arriba,  
Como unha serpe pola cintura.

*Pas Veres. Guitiriz.*

## LÁMBOTE

Como unha becerra á súa vaca,  
lámbote, lámbeme.

*Pas Veres. Guitiriz.*

## UN SÓ DESTINO

Agardarei por ti onde morre o sol  
cando fuxas sen presa  
cara a onde nacen as estrelas.

*Manuel Rubiños Ferreiro*

## NO LUAR DOS TEUS OLLOS

Mírome nos teus ollos cansos  
cando a túa ausencia fende o silencio  
da miña alma.

*Manuel Rubiños Ferreiro*

## FACEDE POIS, UN OSARIO...

Facede pois, un osario de min.

Devolvédeme á terra, ruín memoria esta, na que moro.

Apagade este lume ardente, de miña pel.

E ensinade, na miña morte,

a mácula indelével do desexo.

*Silvia Pasrdo Galdo. As Pontes.*

## DE SANGUE E TERRA

De sangue e terra, de fouce e martelo,  
de lingua e matria ,de perenne orgullo,  
ilumino hoxe a miña alma...

E entre as pernas, xermola a vida:

ALANA, É NOME DE GUERREIRA!

*Silvia Pardo Galdo. As Pontes.*

**\*NOTA FINAL:**

De faltar algún poema ou existir algún erro de transcripción só tedes que comunicalo ao correo [dosvilares@gmail.com](mailto:dosvilares@gmail.com) ou [info@culturaliagz.com](mailto:info@culturaliagz.com). Serán incluídos os que falten e corrixidos os erros.

En ambos casos pedimos desculpas por adiantado.

O noso agradecemento pola participación que servirá tamén para mellorar en posteriores edicións.

NPG Nova Poesía Guitirica  
Os Vilares, lareira de soños.